

# DAS TERRAS DO SALNES



Miña casiña de Limes  
meu fogar calmo,  
erguida no monte  
Sérea mirando  
pr'a ermida de Lores,  
pr'o mar de Cambados,  
pr'as cumes de Axis,  
pr'os outos atallos  
de Raxó en en Sansenxo,  
de Dena e Miaño.  
  
Miña casiña de Limes  
meu fogar calmo,  
erguida no monte  
sérea mirando  
pr'as illas de Cíes  
de Sálvora e Tambo.  
  
Non che pudo esquencer nunca,  
pois teño relembros sagros,  
da tua horta frolida  
niño mol dos meus salaios.  
En ti pasei a dozura  
dos meus brincadores anos,  
e na abafante ardentía  
dos vraus longos e dourados,  
peteei os meus cabelos  
a soma dos teus carballos.

Comín das tuas maceiras  
os sabrosos repinaldos,  
dos precurados viñedos  
bebín o mosto raxado,  
gusteui figos das figueiras  
e laranxas dos laranxos.  
Mollei as miñas meixelas  
nas augas dos teus regatos,  
e tiven peniñas fondas  
nos quedos nouturnios craros.  
Vin a delor dos invernos  
dend'a ventán do meu coarto,  
i-os atardeceres louros  
revoei coma un paxaro  
pol-o amarelo das xestas  
que medran por tras dos valos.  
Cobicei o amor alleo  
co corazón namorado,  
e baixo o mañoso alpendre  
ceibano meus ollos pranto.  
E cantei a boanoite  
cando os melros enloitados,  
e oleei as almas en pena  
o tornar dos camposantos.

Apacentei as xubencias,  
as crabas e mailos años  
polos teus chans de herbaboa  
o caron do sol de Maio.  
Subín con cargas de millo  
os farturentos canastos,  
e pañeí arregazadas  
de ourizos dos teus castaños.  
Oín o alalá das mozas  
Que de lonxe... antre dos campos  
viña o meu ouvido, quedo,  
como faliña d'un anxo.  
Escoitei todos tanguidos  
das campás dos igresarios  
e arrolei os meus enconos  
no fungar do vento maino.  
Anque morta e apodrecida  
esté, na terra do adro,  
eu no ch'ei d'esquencer nunca,  
meu fogar de Limes, calmo,  
arumado de dozuras  
dos meus brincadores anos;  
eu non ch'ei d'esquencer nunca  
pois teño relembros sagros!

H E R M I N I A

F A R I Ñ A .